

GOLFIÑO N°2



ÍNDICE

- *Debuxo*, por Elías Breijo p. 1
- Editorial p. 2
- “Relato dunha tarde dramática”, por Morgana p. 3
- Dous **poemas** p. 4
- **Lendas J**: a Pedra e a Virxe do Carne p. 5
- **Lendas JJ**: a Terra da Mica e San Andrés p. 6
- **Poema**, por Juan Fachal p. 7
- “*Poesía da tristeza*” e reflexión, por RII p. 8
- “*Saída a ortigueira, Senra e Cuiña*”, por Álvaro Abella p. 9
- Debuxos de aves, por Borja Guerrero p. 10
- “.....”, por José Fachal p. 11
- **POEMAS**, por Bruno Fraguela p. 13
- ENTREVISTA, por Modesto Garrote p. 14
- “*Bailaba moi pegada a el...*” p. 17
- Poema, por Araceli Villar p. 19
- **Máis poemas** de Juan Fachal p. 20
- Taboleiro de anuncios p. 22
- Debuxo, por Alejandro Fojo p. 24

¡Ei, rapás!

Xa está aquí. Xa tes nas túas mans un novo *Golfiño*. Así que... tranquilízate, descansa as neuronas, reláxate e prepárate a pasar uns intres culturizándote, divertíndote, soñando, gozando... Calquera cousa vale con tal de que non te deixe impasible. Se é así, non tires a revista, gárdaa. Nuns anos poida que lle encontres máis sentido que agora.

Detrás deste segundo número hai moito traballo, moitos sentimentos, moita colaboración... de feito, todo el existe gracias á xente destas aulas; algúns mandastes textos, outros colaborastes con debuxos, outros botastes unha man para que parecese unha revista, esta que agora todos podemos ler. Para todos o noso agradecemento, pero en especial ós que sacaron horas do seu tempo dun xeito desinteresado:

- Ordenando no ordenador: Eduardo Pita, Eva Docampo, Francisco Armada, José Fachal e Miguel Piñón.

- Redactando na redacción: Modesto Garrote e Juán Morán.

- Como debuxantes: Borja Guerrero (portada e aves), Daniel Fustes, Alejandro Fojo e Elías Breijo.

- Pola paciencia e axuda: Xosé Ramón Serrano e Pilar Prieto.




RELATO DUNHA TARDE DRAMÁTICA

Eran as seis da tarde. Acababa de toca-lo timbre. Estaba ansioso. Estivera toda a clase matinando, coa mirada perdida no cálido horizonte que semellaba poñer fin á fermosa paisaxe da praia que dende a fiestra parecía contemplar. A súa mente viaxaba nun hólido descapotable coa melena solta ó ar pelas estradas inacabables da imaxinación. Gustaríame saber que era o que pensaba que o deixaba abstraído, como inerte. ¡Ogallá o souberes! De súpeto, o seu semblante tornou da tranquilidade anterior á euforia. ¡Volveríase tolo! Non sei. A súa mirada emborcaba de ledicia coma unha patera chea de xente desas que cruzan o estreito. Agora está a se levantar. Quedo mirando para el; decátase. Recalle as súas cousas e parece dirixirse cara a min. Non, non creo. Pero o momento, que nun principio se fai interminable, convértese en rematado; e, cando me dou conta, atópome fronte a fronte con el. Quedamos en silencio. A situación era incómoda. Estabamos sés nolos deus na clase. ¿Que quería de min? Os nosos corpos achegáronse máis e caído que ambas nos arraibamos. O meu corpo arelaba apegarse ó seu como se de deus imáns se tratase. Pero eu tentaba resistirme. Tiña que facelo. Era imposible. Só desexaba sentir que ese sepló máxico, que é o bico, atraese as nosas bocas e unise os nosos pensamentos. El quería dicirme algo. Entón, de sacato e ás presas, preguntoume se me gustaría sumarme ó grupo de teatro do instituto - "Teatro Básico" - do que el formaba parte. A obra a representar era de creación propia; pero gustaríalles contar con máis xente, "xente coma ti" dixo.


Sen poder articular son ningún, asentín coa cabeza. Era boa idea. ¡Per que non? Peida que ata o pase ben. Baixei as escaleiras tras del, en silencio. El falaba e falaba: eran detalles da obra que estaban a escribir, e, entre os millóns e millóns de cousas que da súa boca escapaban a tal velocidade que semellaban me batían na cara, puiden recoñeco-lo nome da obra Instituto Básico. Cun pouco de reparo traspasei a porta que me separaba dun mundo por explorar en min, o teatro. Todos me saudaron e con ledicia me acolleron no seu grupo. E alí o son das risas, das chuviaas de ideas, das diversas opinións, das galletas que os compañeiros trouxeran... abríu a miña mente ó mundo dramático. E pasei un serán digno de mención, polo cal escribin esta miña historia que agora mesmo acaba de rematar.

Morgana

Chegou a gran despedida
despois dun longo verán,
e ela como sempre tan erguída
díxome que me quería.
Sentínme coma un paspallán
Pero puxen cara de alegría.
Os seus ollos cheos de bágoas
fixéronme decatarse do que sentía.
Deíme conta de que a quería
e de que nunca me esquecería.
Ela díxo que volvería.
Pasei case un ano sen vela
e cando volvínxo non era ela
esa que eu esperaba
que eu tanto desexaba
e no meu corazón afogaba.



POEMAS



Coñecína gracias a unha amiga
da que eu estaba namorado.
Inda que non pensei que a amaría,
moí axiña vínxo que estaba errado.
Xa hai tempo que me chamaba a
atención,
pero foi ó podela coñecer
cando entrou no meu corazón.
Inda que axiña non o comprendín
pois era na outra na que pensaba
ó cabo de pouco tempo o vínxo,
era ela a quen agora amaba,
quixen crer que me desexaba,
quizaís era que se deixaba bicar.
Pensei que ela me amaba,
debeu ser que a quixen amar.
Mais unha noite de maio
sentíndo o bater do mar
díxo, facéndome un fondo dano,
que a outro ela cría amar.

LENDAS

À pedra

Segundo unha lenda o nome da Pedra provén dunha Santa feita de dito material que se atopou hai uns anos na fonte do Cabaneiro.

Di a lenda que en dita fonte atopouse unha pedra que posuía a forma dunha imaxe; a xente que daquela habitaba na Pedra colleuna e levouna á igrexa de San Antón.

Tamén di a lenda que a imaxe, celosa de San Antón, que pola época era o patrón, retornou inexplicablemente á fonte. Entón a xente decidiu que o lugar da Pedra se chamaría Santa María da Pedra e que pasaría a ser a patroa dese lugar.

Dende entón a imaxe atópase na igrexa de Santa María da Pedra, ó mesmo tempo que a fonte do Cabaneiro se chama agora a Fonte da Virxe.



A Virxe do Carme

Hai moitos anos que se di que se lle cae a coroa á Virxe do Carme pasará unha desgracia moi grande no mar, perecendo xente dese lugar ou moi preto del.

Un deses anos caeulle a coroa e días despois houbo unha galema que, durante días, provocou o afundimento de varias embarcacións na enseada do Cabo Ortegal, producíndolle a morte a moitas persoas.

Antes non se saía coa Virxe de procesión polo mar, pero dende ese ano sempre a levan en barco ata o lugar da catástrofe. A víspera do día do Carme os mariñeiros transportana da igrexa ó porto e alí faise unha misa como homenaxe ós naufragos (levando en cada momento posta a coroa) e ó día seguinte súbena a un barco situándoa coa cara para adiante e van ata o citado lugar; ó chegar depositan flores sobre o mar como recordo de toda a xente que morreu nel.

Ó volver a porto o barco que transporta a Santa é o último en atracar porque as outras embarcacións pasan diante dela para agradecerlle que os trouxera de volta sen problemas. Hai quen di que a Virxe baixa da igrexa con cara leda e cando volve tena triste por causa do recordo das vidas que cobrou o mar.

A lenda da Terra da Mica

Unha noite de inverno, sobre o ano 1930, un barco pirata afundiou na barra de Fornos. Morreron tódolos tripulantes e conseguiron atopalo cadáver dun deles. Este foi soterrado na Punta da Escada, preto da praia de Fornos.


Tamén atoparon un estraño animal, que era totalmente descoñecido para os veciños dos arredores. A xente, ó descoñece-lo animal, pensaron que era un monstro que o demo lles mandara e matárono a paus e a pedradas. Naqueles tempos non se coñecían animais semellantes.

Cando descubriron que mataran á Mica, arrepentíronse de facer tal cousa e prometeron que nunca máis ían matar nada que non coñeceran. Entón, dende aquela, á xente de Figueiroa chámanlle a XENTE DA TERRA DA MICA.

Unha lenda de San Andrés de Teixido

Unha lenda sobre San Andrés de Teixido cóntanos que cando unha persoa ofrece a outra ten que ir aló, de vivo ou de morto. Se por calquera cousa a persoa ofrecida morre antes de ir a San Andrés, un familiar seu, o máis próximo posible, terá que ir no seu lugar, pero soa.

Irá ó cemiterio a xunto da súa lápida e partirá ata San Andrés. Todo o que vaia vendo ou saltando terá que ilo dicindo; por exemplo, “por este camiño pasamos mortos e vivos”, “esta pedra sáltana os mortos e vivos”... Xa que se ó longo do camiño se fan cousas e non se din en alto, a alma desa persoa volverá á súa tumba e non descansará nunca en paz. O seu parente terá que volver ó cemiterio e facer de novo o camiño ata San Andrés de Teixido.



Esta é a historia dun nenño que era de Feás,
que ía sempre ó costeiro coa súa guitarra á beiriña do mar,
e unha garciña acercábase paseniñamente para velo tocar,
o mociño namorouse dela, na estación primaveral.

Vendo os anos pasar, a garciña seguía co mesmo plan,
e tardes enteiras foi el cantar á súa amada,
ata que el coñeceu unha fermosa rapaza,
o seu ondulado pelo como un mar tocou e empezou a bicar.


A noite comezábase a respirar,
e os dous deitados non paraban de bicarse,
de súpeto un olor a merda comezaba a cheirarse,
e viron como unha garza lles cagaba desde o aire.

A garciña fuxiu cun voo maxestuoso e limpo,
pero nunca esquecerá o rapaciño
que lle tocaba coa súa guitarriña e que
lle cagou nos fuciños.

A súa moza díxolle “vai cajar, mamón”
e quedoulle unha impresionante cara de pasmón.
O mociño moi cabreado a guitarra ó mar tirou,
é moi cabreado para á casa marchou.

A garciña despois de tanto tempo a guitarra atopou
e acordouse daqueles anos dos que del se namorou.

(Juan Fachal, 1º B)



"A poesía da tristeza"

*Eu queríate e ti marchaches,
deixáchesme soa e con tristeza.
Non podo dicir adeus ós teus recordos,
as túas palabras, as túas caricias,
o teu amor, aínda están comigo.
A soidade non me deixa,
fíxose a miña eterna compañeira.
Eu chámote nos meus soños
E ti óesme e fásme rir.
¿Per que non te podo sentir
cando esperto? A miña alma
chéra por ti.
O meu corazón quedou só
cando ti me dixeches adeus
e eu non cho puiden dicir.*

R II

A morte é cando outra persoa se vai para outro mundo, e, se coincide que é unha persoa moi achegada a un, pódese sufrir ata tal punto que se chega a pensar que é mellor matarse. A morte, co paso dos anos, queda na memoria dunhas poucas persoas, quedan uns recordos, uns bos momentos. Eu quixera morrer primeiro que calquera dos meus irmáns ou compañeiros, porque eu sei como se sente unha persoa a cal lle está ausente aquela persoa pola cal sofre. Xa sei que este non é un tema moi agradable para falar nesta revista, pero é unha realidade e eu quixera que tódolos que estean a ler este artigo apro-veitaran para pedir, por exemplo, perdón ós seus pais, ou para reconciliarse cun amigo co que hai tempo que non fala. Porque hoxe están aí, pero mañá igual marchan todos e vós quedaredes con aquel remordemento de non terlle pedido perdón a esas persoas.

Pídovos a vós, queridos lectores, que aproveitedes ó máximo a felicidade con tódalas persoas que queredes, porque hoxe igual están, pero mañá...

R II

SAÍDA A ORTIQUEIRA, SENRA E CUIÑA

Aquel martes ía ser un día pouco común. A nosa "profe" de bioloxía tiña-nos programada, ós alumnos de 4º da E.S.O., unha visita didáctica á ría de Ortigueira co fin de ver máis de preto as aves e animais que se benefician da súa riqueza natural.

Sáimos do centro ó remata-lo primeiro recreo. Ó chegar á primeira parada do noso itinerario agardábannos dous monitores que, posteriormente, nos amosarían as diversas especies que alí habitaban.




Cando chegamos ó devandito lugar, a beleza era tal que resulta difícil explicalo dende a humildade destas poucas liñas.

A inmensa actividade dos animais, a elegancia coa que a garza real levantaba o voo, a maxestuosidade coa que a nutria se deslizaba polas tranquilas e cándidas augas da ría, a felicidade que deixaban entrever os seus ollos negros ó tempo que contaxiaban un sentimento liberal e utópico, só comparable á grandeza da fantasía natural que estabamos a vivir. Máis tarde sentín unhas ardentes bágoas que axexaban ó meu pensamento e cercaban a miña vontade.

De volta á realidade, lonxe xa de ilusións irrealís, visitámo-lo observatorio ornitolóxico, onde se comezaba a apreciar o impacto do home sobre a natureza. Alí faláronnos dos ánades e dos seus costumes, características, alimentación...

En fin, o derradeiro paso d'unha proveitosa viaxe que quedará nas miñas lembranzas por se-la primeira vez que, exercendo o meu dereito como ser humano e deixándome levar libremente polo meu pensamento, fuxín da monotonía e da realidade, da ordinaria rutina de tódolos días e emprendín unha viaxe cara á ilusión, que se cadra tardarei en esquecer.

Álvaro Abella Lage (4º C)



"....."

A última palabra é moi importante no transcorrer dun conto como este, precisamente as que a simple vista non parecen encerrar un significado moi profundo son as que máis fan pensar a xente coma min, e unha desas palabras é a protagonista desta historia. Seguramente vos estaredes a preguntar por que na cabeceira "disto" non hai un título ben bonito e coas letras grandes e maiúsculas, deses que tanto vos gustan e que fan que vos enchades de satisfacción namais lelo, pero aínda que non o pareza o conto que ides ler si ten título, chámase NADA... que por que se chama así, iso xa o saberedes.

- "Eu non fixen NADA"- dixo Xaquín antes de dar un portazo e saír á rúa. A súa nai, como sempre bébeda, acababa de botarlle a correspondente bronca por arruinarlle a súa vida ó nacer e tentaba inculpalo das penurias polas que pasaban para sentirse por un momento libre de culpas.

Xaquín, como xa estaba acostumado, pasou dela e incluso non lle pegou como viña facendo as últimas veces. Soamente a insultou repetidamente. Unha vez fóra, dirixiuse rúa abaixo ata o parque onde o esperaban os seus amigos. Pouco antes de chegar estivo a piques de pisar o seu futuro... o de todos. Atopou unha boliña azul no chan que lle chamou a atención e que colleu na man. Fixouse en que estaba sostendo unha réplica exacta do planeta Terra. Ía mordela cando oíu unha voz que o chamaba e lle dicía:

- "¡Xaquín, Xaquín, axúdanos! Por unha vez fai algo en vez de NADA."

Xaquín quedou pasmado mentres a voz seguía soando nos seus oídos:

- "Estamos na ano 2127 e a Terra xa non existe como tal, senón que se transformou nunha pequena boliña, a que ti tes na man."

- "Pero como pode ser iso", dixo Xaquín.

- "Pois é algo moi fácil de contar pero moi difícil de comprender para o teu tempo."

Da Terra seguían saíndo peticións de axuda desesperada, dicindo que lles quedaba moi pouco tempo para salvarse e que todo estaba nas mans de Xaquín, e xa non era unha soa voceciña, senón miles de millóns de voces. Despois de todo o varullo tódalas voces uníronse nunha preguntando ansiosamente:

- "¡Xaquín!, ¿que é o que vas facer?"

Xaquín moi presionado pola responsabilidade que tiña ante si decidiu, como sempre, evitala tirando o futuro a un sumidoiro, á vez que dicía:

- "NADA".

FIN

Desgraciadamente o mundo que nos tocou vivir é así, e a xente poderosa que ten nas súas mans o noso futuro non soamente non fai NADA, senón que o tiran polo sumidoiro día a día como Xaquín. Por iso ti non pases de todo e segue traballando por cambialo, que non é imposible.

José Fachal (4º A)

(OUTRO FACHAL)



"Canto a Galicia"

Un canto á miña terra
bela, fermosa pero rexa,
incribles contrastes,
marítima e labrega,
nova pero antiga.

Co teu verdor arróupasme,
sempre nos meus sonos,
como un paraíso lémbrote,
digna de que recordemos,
ti es a única imaxe,
que poboas os meus pensamentos,
como un espírito libre,
como celtas de tempos pasados,
igual que a alma irreductible
dos máxicos bardos.

O teu mar bravo,
a túa costa esgrevia,
nela a fin do mundo,
nela está Fisterra.

Tes tamén as túas xentes,
persoas orgullosas
de terte como patria,
de posuír a túa maxia.

Bruno Fragueta, 2º A

"O camiño"

O día faise máis curto,
a noite máis longa,
a vida como un camiño,
cada vez máis escuro e sombrío,
incesante o seu martirio,
que non outorga un pesar infinito.

Esperando nas sombras a noite,
preto de nós, ou lonxe,
quizais á volta da esquina,
quizais mañá nos quite vida,
vida pola que moitos loitan,
e outros xa dan por perdida.

Bruno Fragueta, 2º A



ENTREVISTA A UN PERCEBEIRO

Os percebeiros de Cedeira traballan máis na nosa costa ca na deles, por iso non queren deixala tan facilmente. Recentemente saiu unha nova lei na que se concedían os dereitos para os percebeiros a cada confraría sobre a súa costa.

Cariño xa había tempo que pedira estes dereitos, pero tardaban pola influencia que tiñan as autoridades de Cedeira, xa que os seus mariñeiros explotaban esta zona. Os de Cariño decidíronse e xuntáronse con forza xa que teñen a lei do seu lado polo que eran eles os que poñían as condicións para entrar na asociación de percebeiros de Cariño. Estas condicións eran as seguintes:

- Nunca poderá haber máis percebeiros de fóra ca de Cariño, xa que senón poderán mandar máis ca estes e non servirá de nada a concesión.
- Deberase contratar a un biólogo que estudie a zona e que estableza veda e límite de capturas, as cales terán que ser respectadas.
- Dividirase a zona en tres partes ó longo da costa; estas zonas terán a súa respectiva época de explotación.
- Os percebeiros asociados terán que pertencer á confraría de Cariño e vender as capturas na lonxa de Cariño.

Despois de establecerse estas normas, tivo lugar unha reunión co Concelleiro de Pesca na que se lles pedía ós dirixentes cariñeses que deixasen traballar ós percebeiros de Cedeira; pero non foi posible chegar a ningún acordo debido a que os cariñeses teñen tódolos dereitos legais.

Ante esta situación que afecta ós nosos percebeiros, esta revista decidiu entrevistar a un afectado cariñés para que nos dese a súa opinión.

GOLFIÑO: *¿Que pensa que vai ser dos percebeiros de Cedeira que traballaban na nosa costa?*

PERCEBEIRO CARIÑÉS: O que lles pase é problema deles; teñen que saber traballar a súa zona, saber cultivar as pedras da súa costa, facer as súas vedas, cambiar de arte... O que non pode ser é que ti teñas unha casa mellor cá miña e eu che vaia a vivir nela.

Nós deixamos vir a trinta ou corenta, que serán tantos coma nós ou algo menos, e o resto que traballen por aló. O mesmo nos está a pasar a nós coa pesca de altura, se non tes licencia non podes ir a Francia, e se queres ir ó Gran Sol tes que ter licencia; eles non pensan en ti. O mesmo pasa en Asturias, está todo controlado alí.

GOLFIÑO: *¿Parécelle que vai mellorar a situación da confraría con este cambio?*

PERCEBEIRO CARIÑÉS: Si, en principio, porque os percebeiros de Cedeira non respectaban o límite de capturas o que perxudicaba a produción da costa. E despois porque, ó ser nós os únicos que vendemos na lonxa, a demanda vai aumentar a favor nosa; é dicir, van vir máis compradores e van subir os prezos de tódalas especies.

GOLFIÑO: *¿Non cre que nos poderían prexudicar os mariñeiros de Cedeira se cambiasen de arte e viñesen por aquí?*

PERCEBEIRO CARIÑÉS: Non, non creo, porque eles teñen as súas zonas por aló, peixes teñen igual ca nós, non se molestarían en vir ata aquí debido a que non ían aumentar as súas capturas.

GOLFIÑO: *¿Que lle parece o feito de que os cedeiráns se vaian manifestar por mar e por terra en contra destas decisións?*


PERCEBEIRO CARIÑÉS: A min dáme igual, que fagan o que queiran; para iso están as autoridades. Só digo que os cãrtos dos percebes que collan no Ortegál, sen nasas, debénno los entregar a nós. É así.

GOLFIÑO: *¿Houbo algún problema con algún dos percebeiros?*

PERCEBEIRO CARIÑÉS: Si, aínda o outro día nun bar do Barqueiro empezaron a falar do tema e díxéronme a min que para que querían todo o percebe os de Cariño, que por que non se pode ir alí. E díxenlles eu “ti tes unha casa” -e dixo “si”- e tes unhas normas -e dixo “si”- e se algún visitante non as cumpre bótalolo fóra, -e dixo “si”-. Pois a costa do Ortegál é a miña casa e a dos de Cariño.”

Ao final desta entrevista, este reporteiro chegou á conclusión de que por moitas protestas que fagan os de Cedeira non parece que os nosos percebeiros lles permitan seguir mariscando nesta zona, xa que a concesión deixaría de ter sentido.

Reportaxe elaborada por Modesto A. Garrote (2º A)



Bailaba moi pegada a el. Agarrábo polos ombreiros e el a min pola cintura. Cada vez agarrábame máis a el e intentaba achegarme sen que se dera demasiada conta; non quería que o notase. Non quería que notase a miña intención de non separarnos, aínda que aquela canción lenta rematase. Sabía que as miñas amigas estaban pendentes de mir e que nos observaban buscando algo máis en un baile para meterse comigo e, só para facer que me puxera encarnada, con el. Pero todo saíu ben ata que a canción rematou. Separámonos pese a que eu non o desexaba. O bo chegou naquel momento ou, mellor dito, nos momentos seguintes. Soltoume o van pero foime acariciando os brazos ata chegar a agarrarme as mans; todo iso sen deixar de mirarme ós ollos. Se bailando notaba que me derretía nos seus brazos. cando me mirou fixamente creín que me fallaban as pernas e que ía caer. Mais mantiven o equilibrio. De agarrarme as dúas mans pasou a collerme só unha. Pese a que non quería soltarme del, deixei-me levar. Pasara o que pasara, para min, aquilo era maravilloso. Sobre todo cando o recordo. Parecíame que miles de estrelas me facían coxegas e que unha brisa fría me percorría as costas. Era, ou eu críao, fabuloso. Parecía un soño. Non me parecía o que as miñas amigas me contaban: algo xenial que facía subir ás nubes e pensar no que pasaría despois. Para min, sinxelamente, valía o agora, non o despois nin o pensar que ocorrería, senón o agora. Saímos do salón da casa na que se celebraba a festa e dirixímonos á porta principal. Había varios grupos de amigos por alí e un banco de pedra, sen respaldo, baleiro. Conducíume ata alí e sentamos.

Sentei instintivamente porque, realmente, non me imaxinaba que outra cousa poderíamos facer nun banco se non era sentarnos. Unha vez sentados fitámonos e volveu a collerme as dúas mans. Teño que reconecer que era iso o que máis desexaba nese momento: senti-las súas mans e ver que os seus ollos me miraban só a min. Non pensaba en nada ata que me dei conta que debía ter unha cara de parva que se notaba ata en dez metros de distancia de noite e sen luz. Sorrín imaxinándome. Dereita; púxenme dereita para dar a notar que mantiña o control e que non estaba deixándome levar. El deuse conta da miña tensión e de que debía dicir algo para salva-la situación xa que fora el quen me levara ata alí. Pero non dixo nada; só continuaba fitándome como se estivese a punto de facer algo. Con movementos suaves e precavidos soltoume unha man e colleume o queixo; aínda que máis que collelo foi acariciálo. A continuación, bicoume. Foi un bico especial; dos que só pasan unha vez.. O principio só me rozou os beizos cos seus, pero logo fómolos xuntando porque, á parte de deixarme levar, tamén reaccionei; isto debo confesalo: desexaba que me bicara; desexaba aquel bico desde que me agarrou a barbela. Deixamos de bicarnos e mirámonos.

Sorrín, xa que non se me ocorreu outra cousa que facer e, despois de abri-
los ollos, porque os pechara, mireino outra vez e el a min. Púxenme sería aínda
que cunha expresión case invisible de felicidade, mentres que el sorría abertamente.
Volvinme a sentir nerviosa; volveume aquela sensación de estrelañas e brisa que
tanto me gustara. Estaba, como se soë dicir, alucinada. Crín que volveríamos a
bicarnos porque me pareceu que ambos o queríamos. Non sei se el quería o
mesmo ou non, pero eu si. Estiven a punto de abrazarlle o pescozo e lanza-
los meus beizos contra os seus, mais non me arisquei. O máis sensato foi iso: non
precipitarme ó que, quizais, estropearía todo o encanto. Levantouse e,
agarrándome aínda unha man, levantoume suavemente. Dirixímonos cara á porta
principal da casa e introducímonos no abarrotado salón, no que volvía a soar unha
canción lenta. Por sorte empezara naquel instante e dispuxémonos a bailar.
Agora non o agarraba polos ombreiros, abrazábao pola cintura rodeándoo cos
meus brazos, cuns brazos temblorosos por causa da excitación que perduraba do
bico. Tamén eu era rodeada cos seus brazos pola cintura. Estaba feliz, tranquila e
inmensamente emocionada. Nunca me sentira tan protexida con ninguén coma con
el. Gozaba daquel momento como unha nena pequeniña do seu caramelo preferido.
Segundo nos vían ou nos observaban os demais asistentes da festa crían, ou
alomenos eu imaxinábao, que eramos noivos. Aínda que non era así, gustábame
pensalo.



Poema

*A noite vaise asomando
e a rúa énchese de soidade.
A lúa está chorando
polo amor que perdeu na súa mocidade.*

*A lúa pártese en dúas,
coma un corazón roto de dor.
O amor anda facendo sempre das súas,
cando chega éncheste de temor.*

*A soidade vai correndo pola rúa,
coma un neno abandonado,
e vai seguindo a luz da lúa
e vai alegre, todo ilusionado.*

*E vai pasando unha brisa,
que abraza ó pobre neno,
e ó neno dálle a risa
por non dicir que ten medo.*

M^a Araceli Villar Bellón, 4^o B

MÁIS POEMAS DO FACHAL

“Escura fuxida”

Fun un pobre desgraciado,
que non sabía por onde ía,
querido por todos e á vez desprezado,
na droga caendo ía.

Naquel tempo paseino mal,
burlando ós “picoletos” e mercando material,
deixei a miña familia rota,
día tras día roubáballes como unha rata tola.

Ía por un sendeiro cada vez máis estreito,
que en cada paso a lama enchíame o peito,
facéndome a miña propia catacumba, cheirenta e podre,
afastándome da vida e achegándome á miña propia morte.

Pareime entón e dei un paso atrás,
e falei do asunto con meus pais.
O amor deles para saír disto foime esencial,
rehabilitándome nun centro especial.

Eses días foron os peores da miña vida.
Decateime da miña tremenda e escura fuxida.
E pouco a pouco volví a encontrar o amor que se fora,
e esta etapa da miña vida iríase polo de agora.

Hoxe sonche moi feliz.
Sei agora o sentido que ten o vivir,
en paz e harmonía,
que polo de agora eu descoñecía.

Coa miña moza Isabel,
volvo namorarme outra vez,
e vivo con ela en liberdade,
esperando que por favor Deus nos garde.

(Juan Fachal, 1º B)

“O suicidio”

Mentres durmía, a radio encendeuse soíña.
Espertei cos ollos roxos e cansados.
A noite alumeaba a aldea
e desde a ventá vía os campos esbrancuxados.

Comezou a soar unha canción na radio.
Eran as cinco e vestínme cun chándal, non sei a causa.
A miña intuición dirixiume á casa dun veciño,
e alí estaba ela, a piques de matarse e xa moi cansa.

Eu díxenlle fai o queiras, pero antes dime o que che pasa.
Ela dixo que non tiña onde ir e que aquí estaba encerrada.
Non te preocupes, axudarciche a fuxir se ti o desexas,
pero non te mates, que tes moita beleza.

Gracias mocíño, pero ¿como te chamas?
Son Xurxo da Fonte Oquente.
Que quere máis que nada
cambiar o teu presente.
Ven comigo, axudareiche a fuxir,
colle as cousas que poidas
que un bo cabalo collerei para ti.
Vémonos aquí nunha media hora.

Ó chegar á miña casíña,
a miña nai espertara e berroume.
Mandoume outra vez para a camiña.
Así foi, pero fuxín pola fiestra e o can case me come.

Entre na corte, collín o caballo de meu pai,
e cabalgando onda ela, perseguíronme.
Cando cheguei á súa casa vin que estaba a súa nai
xunto a ela morta e chea de sangue.


Cortara as súas veas.
As veces pregúntome a min mesmo
se no mundo non hai máis que merda
ou só é a causa do noso enfermizo pensamento.

(Juan Fachal, 1ºB)




TEATRO BÁSICO

O TEATRO BÁSICO DE CARIÑO PRESENTA NUN ESFORZO SEN
PRECEDENTES A SÚA PRIMEIRA E, ESPEREMOS NON
DERRADEIRA, OBRA DE TEATRO:
INSTITUTO BÁSICO.



Como primeira obra desta compañía tan prometedora, o *Teatro Básico*, obséquianos cunha marabillosa e impresionante peza creada e dirixida única e exclusivamente por eles. Unha obra chea de sentimentos e de paixóns truncadas que fará as delicias do espectador.

PRÓXIMO ESTRENO NOS MELLORES CINES, ¡DIGO! NO MELLOR TEATRO (O SALÓN DE ACTOS DO CENTRO).



TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Búscase xente para acoplarse ó noso corpo. Interesados poñerse en contacto coa Garda Civil. ¡Firmes! Teléfono: 123-123

Precísanse conos de tódolos tamaños para aula de xeometría. Contacten con Carino, A Coruna.

Facultade de Medicina busca voluntario para diseccionar o seu corpo.

Aquel que golpee o dedo meimiño do seu pé contra a pata da cama verá con claridade a infinidade do universo.

Búscase notable alto para incorporarse de inmediato ó boletín de notas de xuño.

Revista escolar precisa reporteiros intrépidos, humoristas, debuxantes e demais individuos. Interesados, dirixanse á revista *Golfiño*.

Pifa,
quérote.
Blas.

Uns "pijos", na excursión de fin de curso no Amazonas, caen ó río. Ante a chegada ameazadora dun crocodilo un dos rapaces grita: "Supersocorro, supersocorro... un lacoste".

¿PENSAR?


Deixe de facelo dunha vez por todas cos nosos cerebros artificiais confeccionados con materia gris dos máis altos executivos. Ten garantía ilimitada. Se se lle ocorre unha soa idea devolvémoslle os cartos. Non se vende en tendas, pídao xa.

Nativo dá clases de latín
Teléfono de contacto
I-III-III-IV-V

"Que vos son os profesores que temos;
Que vos son, que nos levan de excursión."
(Hansel e Gretel camiño do bosque)
(E os alumnos deste I.E.S. tamén)

Insuficiente necesita boletín de notas ó que incorporarse.

J.E.S. CABO ORTEGAL CARIÑO



17 DE MAIO DE 1999

Equipo de Normalización Lingüística